    - Priorizando a progresión e consecución dos obxectivos xerais establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias clave correspondentes fronte á superación dos criterios de avaliación específicos de cada materia.
    - Levando a cabo actividades de avaliación no terceiro trimestre, que terán en todo caso carácter diagnóstico, polo mecanismo que o noso centro ven utilizando para comunicarse co alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe desde a suspensión da actividade presencial.
    - Personalizando a metodoloxía de traballo, adaptándonos as circunstancias de cada alumno tendo en conta a dispoñibilidade de conectividade, a competencia dixital e as necesidades educativas detectadas.

|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <p><b>Materiais e recursos</b></p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Google classroom.</li> <li>➤ Libro de texto. Bioloxía e Xeoloxía. Saber facer. Editorial Santillana.</li> <li>➤ Libros dixitais.</li> <li>➤ Uso habitual das TIC. - Vídeos, fotografías, esquemas, debuxos, etc.</li> <li>➤ Diversidade de webs educativas, webs de búsqueda, etc.</li> <li>➤ Correo electrónico G suite.</li> <li>➤ Videoconferencias Google meet.</li> <li>➤ Ordenador, tableta e /ou Smartphone.</li> <li>➤ Conexión a internet.</li> </ul> |
|------------------------------------|---|

| <p><b>4.- Información e publicidade</b></p>         |  |
|---|--|
| <p><b>Información ao alumnado e ás familias</b></p> | <p>No departamento de Bioloxía e Xeoloxía utilizamos distintas canles de comunicación co alumnado e as familias:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mensaxería de comunicados de Google classroom.</li> <li>• Correo electrónico.</li> <li>• Videoconferencias Google meet.</li> <li>• Abalarmóbil.</li> <li>• Chamadas telefónicas cos nosos teléfonos persoais.</li> </ul> |
| <p><b>Publicidade</b></p>                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Na páxina web do centro.</li> <li>➤ Mediante o correo electrónico.</li> <li>➤ Mediante os comunicados Google classroom.</li> <li>➤ Mediante Videoconferencias.</li> </ul>   |



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES RIBEIRA DO LOURO  
CURSO: 3º ESO  
MATERIA: Bioloxía e Xeoloxía  
DEPARTAMENTO: Bioloxía e Xeoloxía  
DATA: 10/05/2020

## **ÍNDICE**

- 1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2.- Avaliación e cualificación.**
- 3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
- 4.- Información e publicidade.**

| <b>1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles traballados na 1ª e 2ª avaliación</b>  |  |                                       |
|--|--|---------------------------------------|
| <b>Criterio de avaliación</b>  | <b>Estándares de aprendizaxe</b>   | <b>COMPETENCIAS</b>                   |
| B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.  | BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.   | CCL<br>CMCCT                          |
| B1.3. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.                   | BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.<br>BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados. | CMCCT<br>CSC<br>CSIEE<br>CMCCT<br>CAA |
| B2.1. Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células e determinar as características que os diferencian da materia inerte.  | BXB2.1.2. Establece comparativamente as analogías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.<br>BXB2.1.2. Establece comparativamente as analogías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.   | CMCCT                                 |
| B3.1. Catalogar os niveis de organización da materia viva (células, tecidos, órganos e aparellos ou sistemas) e diferenciar as principais estruturas celulares e as súas funcións. | BXB3.1.1. Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles.<br>BXB3.1.2. Diferencia os tipos celulares e describe a función dos orgánulos máis importantes.  | CAA<br>CMCC                           |
| B3.2. Diferenciar os tecidos máis importantes do ser humano e a súa función.   | BXB3.2.1. Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asóciaos á súa función.  | CMCCT                                 |
| B3.11. Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas.  | BXB3.11.1. Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.<br>BXB3.11.2. Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables.   | CMCCT                                 |
| B3.12. Relacionar as dietas coa saúde a través de exemplos prácticos.  | BXB3.12.1. Deseña hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles e o seu valor calórico.  | CAA<br>CD                             |
| B3.15. Asociar a fase do proceso de nutrición que realiza cada aparello  | BXB3.15.1. Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.  | CMCCT                                 |

|  |  |              |
|--|--|--------------|
| implicado.   |  |              |
| B3.16. Identificar os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e coñecer o seu funcionamento.     | BXB3.16.1. Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.                                  | CMCCT        |
| B4.1. Identificar algunhas das causas que fan que o relevo difira duns sitios a outros.  | BXB4.1.1. Identifica a influencia do clima e das características das rochas que condicionan os tipos de relevo e inflúen neles.                                    | CMCCT        |
| B4.3. Analizar e predicir a acción das augas superficiais, e identificar as formas de erosión e depósitos máis características.      | BXB4.3.1. Analiza a actividade de erosión, transporte e sedimentación producida polas augas superficiais, e recoñece algún dos seus efectos no relevo.             | CMCCT        |
| B4.4. Valorar e analizar a importancia das augas subterráneas, e xustificar a súa dinámica e a súa relación coas augas superficiais. | BXB4.4.1. Valora e analiza a importancia das augas subterráneas e os riscos da súa sobreexplotación.   | CMCCT<br>CSC |
| B4.5. Analizar a dinámica mariña e a súa influencia na modelaxe litoral.   | BXB4.5.1. Relaciona os movementos da auga do mar coa erosión, o transporte e a sedimentación no litoral, e identifica algunhas formas resultantes características. | CMCCT        |
| B4.6. Relacionar a acción eólica coas condicións que a fan posible, e identificar algunhas formas resultantes.                       | BXB4.6.1. Asocia a actividade eólica cos ambientes en que esta actividade xeolóxica pode ser relevante.  | CMCCT        |
| B4.7. Analizar a acción xeolóxica dos glaciares e xustificar as características das formas de erosión e depósito resultantes.        | BXB4.7.1. Analiza a dinámica glaciar e identifica os seus efectos sobre o relevo.  | CMCCT        |

## 2.- Avaliación e cualificación

|                   |   |
|-------------------|---|
| <b>Avaliación</b> | <p><b>Procedementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Para a avaliación do 1º e 2º trimestre, os procedementos de avaliación son os referidos na Programación Didáctica do departamento de Bioloxía e Xeoloxía do curso académico 19/20.</li> <li>• Para a <i>avaliación do 3º trimestre</i>, as tarefas realizadas dende a declaración do estado de alarma serán valoradas a través dunha rúbrica na que se terá en conta a realización das mesmas e o seu grado de consecución, tendo unha valoración positiva.</li> </ul> <p style="text-align: center;">-- O <i>alumnado coa 1ª e/ou 2ª avaliación suspensa</i> realizará as tarefas propostas para reforzar e recuperar as avaliacións suspensas. Estas actividades que se basearán nos estándares imprescindibles e mínimos esixibles, serán valoradas mediante unha rúbrica que avaliará tanto a entrega e realización como o grado de consecución das mesmas. Se as autoridades sanitarias o permitisen o alumnado que non obteña unha valoración positiva (mínimo 5 puntos) nestas actividades de recuperación poderá realizar unha proba escrita presencial en xuño.</p> <p>As tarefas realizaranse a través de diferentes plataformas virtuais, principalmente Google Classroom ou vía correo electrónico (naqueles casos onde non dispoñan de acceso aos outros recursos). Tamén haberá videoconferencias ou gravacións explicativas (segundo a conectividade). En todo momento haberá un prazo de tempo razoable para a realización das tarefas.</p> |
|                   | <p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Para a avaliación do 1º e 2º trimestre os instrumentos de avaliación son os referidos na Programación Didáctica do departamento de Bioloxía e Xeoloxía do curso académico 19/20.</li> <li>• Para a avaliación do 3º trimestre os procedementos e instrumentos de avaliación serán os seguintes:             <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Caderno do profesor na plataforma Google Classroom, onde se recollen a realización das tarefas propostas (de información, elaboración, investigación, etc.) e as cualificacións das mesmas.</li> <li>♦ Análise das producións dos alumnos.</li> <li>♦ Caderno do alumno na plataforma Google Classroom.</li> <li>♦ Rúbricas de avaliación.</li> <li>♦ Rexistro das evidencias remitidas polo alumnado a través da aplicación Google Classroom e do correo electrónico.</li> </ul> </li> </ul>   |

|  |   |
|--|---|
| <p><b>Cualificación final</b></p>              | <p><b>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</b></p> <p>A cualificación final será o resultado da suma dos seguintes cálculos de porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>❖ 60% da nota media da ordinaria da 1ª avaliación (ata 6 puntos).</li> <li>❖ 40% da nota media da ordinaria da 2ª avaliación (ata 4 puntos).</li> <li>❖ 15% do valor da cualificación da 3ª avaliación extra sobre a nota final (ata 1,5 puntos). Deste xeito a valoración da terceira avaliación sempre será positiva para o alumnado.</li> </ul> <p>A suma total máxima será de ata 10 puntos e o mínimo para unha avaliación positiva 5.</p> <p>O alumnado, que despois de seguir o plan de reforzo individualizado para recuperar as avaliacións suspensas non acade a avaliación positiva, poderá realizar unha proba presencial escrita se as autoridades sanitarias o permitisen . A nota desta proba determinará a cualificación da avaliación ordinaria de xuño.</p>               |
| <p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p> | <p>No caso no que o alumnado non supere a materia en xuño, mediante o plan de reforzo individualizado deseñado para levar a cabo durante o terceiro trimestre e as probas de avaliación que se leven a cabo durante este período, deberá realizar unha proba extraordinaria en setembro.</p> <p>Esta proba extraordinaria basearase nos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles traballados durante o primeiro e segundo trimestre previos á declaración do estado de alarma.</p> <p>Para o alumnado que precise presentarse á proba de setembro deseñase un programa de reforzo individualizado para levar a cabo durante o verán.</p> <p>A cualificación da proba extraordinaria de setembro virá determinada polos seguintes cálculos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ 60% do valor da proba obxectiva de setembro.</li> <li>✓ 40% do valor da cualificación das tarefas realizadas a partir do plan de reforzo individualizado.</li> </ul> |
| <p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>     | <p><b>Criterios de avaliación:</b></p> <p>B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.</p> <p>B1.3. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.</p> <p>B2.1. Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células e determinar as características que os diferencian da materia inerte.</p>  |

|  |
|--|
| <p>B3.15. Asociar a fase do proceso de nutrición que realiza cada aparello implicado.</p> <p>B3.2. Diferenciar os tecidos máis importantes do ser humano e a súa función.</p> <p>B3.11. Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas.</p> <p>B3.12. Relacionar as dietas coa saúde a través de exemplos prácticos.</p> <p>B3.1. Catalogar os niveis de organización da materia viva (células, tecidos, órganos e aparellos ou sistemas) e diferenciar as principais estruturas celulares e as súas funcións.</p> <p>B3.16. Identificar os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e coñecer o seu funcionamento.</p> <p>B3.18. Describir os procesos implicados na función de relación, e os sistemas e aparellos implicados, e recoñecer e diferenciar os órganos dos sentidos e os coidados do oído e a vista.</p> <p>B3.19. Explicar a misión integradora do sistema nervioso ante diferentes estímulos, e describir o seu funcionamento.</p> <p>B3.20. Asociar as principais glándulas endócrinas coas hormonas que sintetizan e coa súa función.</p> <p>B3.22. Identificar os principais ósos e músculos do aparello locomotor.</p> <p>B3.25. Referir os aspectos básicos do aparello reprodutor, diferenciar entre sexualidade e reprodución, e interpretar debuxos e esquemas do aparello reprodutor.</p> <p>B3.26. Recoñecer os aspectos básicos da reprodución humana e describir os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto.</p> <p>B3.27. Comparar os métodos anticonceptivos, clasificalos segundo a súa eficacia e recoñecer a importancia dalgúns deles na prevención de doenzas de transmisión sexual.</p> <p>B3.29. Valorar e considerar a súa propia sexualidade e a das persoas do contorno, e transmitir a necesidade de reflexionar, debater, considerar e compartir.</p> <p>B4.1. Identificar algunhas das causas que fan que o relevo difira duns sitios</p> |
|--|

|  |   |
|--|---|
|  | <p>a outros.</p> <p>B4.3. Analizar e predicir a acción das augas superficiais, e identificar as formas de erosión e depósitos máis características.</p> <p>B4.4. Valorar e analizar a importancia das augas subterráneas, e xustificar a súa dinámica e a súa relación coas augas superficiais.</p> <p>B4.5. Analizar a dinámica mariña e a súa influencia na modelaxe litoral.</p> <p>B4.6. Relacionar a acción eólica coas condicións que a fan posible, e identificar algunhas formas resultantes.</p> <p>B4.7. Analizar a acción xeolóxica dos glaciares e xustificar as características das formas de erosión e depósito resultantes.</p>  |
|  | <p><b>Criterios de cualificación:</b></p> <p>Realizáronse plans de reforzo individualizado e entregáronse boletíns de actividades ao alumnado para traballar durante este curso académico 19/20, tal e como está reflexado na Programación Didáctica do departamento. A realización e entrega deste material por parte do alumnado ten data anterior ao estado de alarma (13 de marzo).</p> <p>A cualificación final na convocatoria de xuño correspóndese co seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ 100% da cualificación obtida nos boletíns de actividades realizados polo alumnado.</li> </ul> <p>As actividades serán valoradas mediante unha rúbrica que avaliará tanto a entrega e realización como o grado de consecución das mesmas.</p> <p>O alumnado que non acade unha valoración positiva (mínimo 5 puntos) poderá realizar unha proba escrita presencial no mes de xuño, sempre e cando as autoridades sanitarias así o dispoñan. A nota obtida nesta proba corresponderase coa cualificación final da materia pendente.</p> <p>O alumnado que na avaliación ordinaria de xuño non acadase unha valoración positiva terá que presentarse á proba extraordinaria de setembro. A nota obtida nesta proba corresponderase coa cualificación final da materia pendente.</p> |
|  | <p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Boletíns de actividades desenvolvidos durante o curso 19/20 , cuxas datas de entrega son anteriores ao 13 de marzo. <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Boletín 1ª e 2ª avaliación.</li> <li>♦ Boletín 3ª avaliación.</li> </ul> </li> <li>• Rexistro da entrega e das cualificacións dos boletíns das actividades que permitan unha avaliación obxectiva.</li> <li>• Rúbricas de avaliación.</li> </ul>  |



| <b>3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |  |
|---|--|
| <b>Actividades</b>  | <p>Segundo as indicacións establecidas para o desenvolvemento deste terceiro trimestre na nosa Comunidade, desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado, flexibilizando os seus plans de traballo e coidando de non penalizar ou afectar ao seu benestar, nin sobrecargalo de tarefas excesivas.</p> <p>Así realizaranse as seguintes tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades de recuperación e reforzo para o alumnado que non acadou resultados positivos nos estándares de aprendizaxe e competencias traballados nos dous e/ou nun dos trimestres anteriores.</li> <li>- Actividades de ampliación e reforzo dos estándares de aprendizaxe e competencias traballados nos trimestres anteriores para o alumnado que obtivo resultados positivos nos mesmos.</li> </ul> <p>A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.</p> <p>Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.</p> |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>   | <p>Ademais da metodoloxía indicada na programación didáctica e tendo en conta a situación excepcional na que nos atopamos desde a declaración do estado de alarma e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo, debemos adaptar a metodoloxía, para que as actividades lectivas que se desenvolvan durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020 combinen de maneira integrada as actividades a distancia e as presenciais que puidesen levarse a cabo, segundo evolucione a situación sanitaria.</p> <p>Mentres dure a situación excepcional, identificarase o alumnado que ten dificultades para a conexión total ou permanente e aquel que ten conectividade plena. E as actividades deseñáranse tendo en conta estas circunstancias e farase unha adaptación das mesmas á situación persoal do alumnado.</p>  |

|                             |   |
|-----------------------------|---|
|                             | <p>Identificaranse e valoraranse especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso formativo do alumnado, reforzando e consolidando as aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.</p> <p>Personalizarase a metodoloxía de traballo, adaptándonos as circunstancias de cada alumno tendo en conta a dispoñibilidade de conectividade, a competencia dixital e as necesidades educativas detectadas.</p> <p>Todas as tarefas faranse chegar aos alumnos ben a través das plataformas virtuais establecidas ou a través do correo electrónico no caso de carencias tecnolóxicas salientables. O alumnado deberá entregar as tarefas polo mesmo medio. O docente facilitará as correccións e explicacións oportunas adaptándose a situación particular de cada alumno.</p> |
| <b>Materiais e recursos</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>➤ Google Classroom.</li><li>➤ Videoconferencias Google Meet.</li><li>➤ Libros dixitais.</li><li>➤ Libro de texto. Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO. Ed. Santillana.</li><li>➤ Uso habitual das TIC. - Vídeos, fotografías, esquemas, debuxos, etc.</li><li>➤ Diversidade de webs educativas, webs de búsqueda, etc.</li><li>➤ Correo electrónico G suite.</li><li>➤ Ordenador, tableta e /ou Smartphone.</li><li>➤ Conexión a internet.</li></ul>   |

| <b>4.- Información e publicidade</b>         |  |
|--|--|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | <p>No departamento de Bioloxía e Xeoloxía utilizamos distintas canles de comunicación co alumnado e as familias:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Mensaxería de comunicados de Google Classroom.</li><li>• Correo electrónico.</li><li>• Videoconferencias Google Meet.</li><li>• Abalarmóbil.</li><li>• Chamadas telefónicas cos nosos teléfonos persoais.</li></ul> |
| <b>Publicidade</b>                           | <ul style="list-style-type: none"><li>✚ Na páxina web do centro e na lapela do departamento de Bioloxía e Xeoloxía.</li><li>✚ Mediante o correo electrónico.</li><li>✚ Mediante os comunicados Google Classroom.</li><li>✚ Mediante videoconferencias.</li></ul>   |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES RIBEIRA DO LOURO  
CURSO: 4º ESO  
MATERIA: Bioloxía e Xeoloxía  
DEPARTAMENTO: Bioloxía e Xeoloxía  
DATA: 10/05/2020

## **ÍNDICE**

- 1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2.- Avaliación e cualificación.**
- 3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
- 4.- Información e publicidade.**

## 1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles traballados na 1ª e 2ª avaliación

| Criterio de avaliación  | Estándares de aprendizaxe   | Competencias              |
|---|---|---------------------------|
| ▪ B2.1. Recoñecer, compilar e contrastar feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante.   | ▪ BXB2.1.1. Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade.                            | ▪ CAA                     |
| ▪ B2.4. Recoñecer e datar eóns, eras e períodos xeolóxicos, utilizando o coñecemento dos fósiles guía.  | ▪ BXB2.4.1. Relaciona algún dos fósiles guía máis característico coa súa era xeolóxica.   | ▪ CAA                     |
| ▪ B2.5. Interpretar cortes xeolóxicos sinxelos e perfís topográficos como procedemento para o estudo dunha zona ou dun terreo.  | ▪ BXB2.5.1. Interpreta un mapa topográfico e fai perfís topográficos..  | ▪ CMCCT<br>▪ CCL          |
| ▪ B2.6. Comprender e comparar os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.   | ▪ BXB2.6.1. Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.   | ▪ CAA                     |
| ▪ B2.7. Combinar o modelo dinámico da estrutura interna da Terra coa teoría da tectónica de placas.   | ▪ BXB2.7.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asociaas cos fenómenos superficiais.   | ▪ CAA<br>▪ CSIEE          |
| ▪ B2.8. Recoñecer as evidencias da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.   | ▪ BXB2.8.1. Expresa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.   | ▪ CAA                     |
| ▪ B2.9. Interpretar algúns fenómenos xeolóxicos asociados ao movemento da litosfera e relacionalos coa súa situación en mapas terrestres. Comprender os fenómenos naturais producidos nos contactos das placas. | ▪ BXB2.9.1. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.  | ▪ CAA<br>▪ CMCCT          |
|   | ▪ BXB2.9.2. Interpreta as consecuencias dos movementos das placas no relevo.  | ▪ CAA                     |
| ▪ B2.10. Explicar a orixe das cordilleiras, os arcos de illas e os oróxeos térmicos.  | ▪ BXB2.10.1. Identifica as causas dos principais relevos terrestres.  | ▪ CMCCT                   |
| ▪ B2.11. Contrastar os tipos de placas litosféricas e asociarlles movementos e consecuencias.   | ▪ BXB2.11.1. Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos.  | ▪ CAA<br>▪ CCL            |
| ▪ B2.12. Analizar que o relevo, na súa orixe e na súa evolución, é resultado da interacción entre os procesos xeolóxicos internos e externos.   | ▪ BXB2.12.1. Interpreta a evolución do relevo baixo a influencia da dinámica externa e interna.   | ▪ CAA                     |
| ▪ B3.1. Explicar os conceptos de ecosistema, biótomo, poboación, comunidade, ecotón, hábitat e nicho ecolóxico.   | ▪ BXB3.1.1. Identifica o concepto de ecosistema e distingue os seus compoñentes.  | ▪ CMCCT                   |
|   | ▪ BXB3.1.2. Analiza as relacións entre biótomo e biocenose, e avalía a súa importancia para manter o equilibrio do ecosistema.  | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL |
| ▪ B3.3. Categorizar os factores ambientais e a súa influencia sobre os seres vivos, e recoñecer o concepto de factor limitante e límite de tolerancia.  | ▪ BXB3.3.1. Recoñece os factores ambientais que condicionan o desenvolvemento dos seres vivos nun ambiente determinado, e valora a súa importancia na conservación deste. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA          |
| ▪ B3.4. Identificar as relacións intraespecíficas e interespecíficas como factores de regulación dos ecosistemas.   | ▪ BXB3.4.1. Recoñece e describe relacións e a súa influencia na regulación dos ecosistemas, interpretando casos prácticos en contextos reais.                             | ▪ CMCCT                   |

|   |  |   |
|---|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5. Explicar os conceptos de cadeas e redes tróficas.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>BXB3.5.1. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CCL</li> </ul>                 |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B3.6. Expresar como se produce a transferencia de materia e enerxía ao longo dunha cadea ou rede trófica, e deducir as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>BXB3.6.1. Compara as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano, e valora criticamente a súa importancia.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>                             |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B3.7. Relacionar as perdas enerxéticas producidas en cada nivel trófico co aproveitamento dos recursos alimentarios do planeta desde un punto de vista sustentable.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>BXB3.7.1. Establece a relación entre as transferencias de enerxía dos niveis tróficos e a súa eficiencia enerxética.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B3.8. Contrastar algunhas actuacións humanas sobre diferentes ecosistemas, valorar a súa influencia e argumentar as razóns de certas actuacións individuais e colectivas para evitar a súa deterioración.</li> </ul>       | <ul style="list-style-type: none"> <li>BXB3.8.1. Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc.</li> </ul>                                     | <ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>                |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B3.9. Concretar procesos de tratamento de residuos e describir a xestión que dos residuos se fai no seu contorno próximo.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>BXB3.9.1. Describe os procesos de tratamento de residuos, e valora criticamente a súa recollida selectiva.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>                            |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B3.10. Contrastar argumentos a favor da recollida selectiva de residuos e a súa repercusión a nivel familiar e social.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>BXB3.10.1. Argumenta os pros e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>                              |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B3.11. Asociar a importancia da utilización de enerxías renovables no desenvolvemento sustentable.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>BXB3.11.1. Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCL</li> </ul>                              |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Planear, aplicar, e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>BXB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> <li>CSIEE</li> </ul>             |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en grupo.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>BXB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>               |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Presentar e defender en público o proxecto de investigación realizado.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>BXB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e a súa defensa na aula.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSIEE</li> <li>CD</li> <li>CMCCT</li> </ul> |
|   | <ul style="list-style-type: none"> <li>BXB4.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Determinar as analogías e as diferenzas na estrutura das células procariotas e eucariotas, e interpretar as relacións evolutivas entre elas.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>                            |

| <b>2.- Avaliación e cualificación</b> |   |
|---------------------------------------|---|
| <b>Avaliación</b>                     | <p><b>Procedementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Para a avaliación do 1º e 2º trimestre, os procedementos de avaliación son os referidos na Programación Didáctica do departamento de Bioloxía e Xeoloxía do curso académico 19/20.</li> <li>• Para a <i>avaliación do 3º trimestre</i>, as tarefas realizadas dende a declaración do estado de alarma serán valoradas a través dunha rúbrica na que se terá en conta a realización das mesmas e o seu grado de consecución, tendo unha valoración positiva. <ul style="list-style-type: none"> <li>-- <i>O alumnado coa 1ª e/ou 2ª avaliación suspensa</i> realizará as tarefas propostas para reforzar e recuperar as avaliacións suspensas. Estas actividades que se basearán nos estándares imprescindibles e mínimos esixibles, serán valoradas mediante unha rúbrica que avaliará tanto a entrega e realización como o grado de consecución das mesmas. Se as autoridades sanitarias o permitisen o alumnado que non obteña unha valoración positiva (mínimo 5 puntos) nestas actividades de recuperación poderá realizar unha proba escrita presencial en xuño.</li> </ul> </li> </ul> <p>As tarefas realizaranse a través de diferentes plataformas virtuais, principalmente Google Classroom ou vía correo electrónico (naqueles casos onde non dispoñan de acceso aos outros recursos). Tamén haberá videoconferencias ou gravacións explicativas (segundo a conectividade). En todo momento haberá un prazo de tempo razoable para a realización das tarefas.</p> <p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Para a avaliación do 1º e 2º trimestre os instrumentos de avaliación son os referidos na Programación Didáctica do departamento de Bioloxía e Xeoloxía do curso académico 19/20.</li> <li>• Para a avaliación do 3º trimestre os procedementos e instrumentos de avaliación serán os seguintes: <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Caderno do profesor na plataforma Google Classroom, onde se recollen a realización das tarefas propostas (de información, elaboración, investigación, etc.) e as cualificacións das mesmas.</li> <li>♦ Análise das producións dos alumnos.</li> <li>♦ Caderno do alumno na plataforma Google Classroom.</li> <li>♦ Rúbricas de avaliación.</li> <li>♦ Rexistro das evidencias remitidas polo alumnado a través da aplicación Google Classroom e do correo electrónico.</li> </ul> </li> </ul> |



|   |   |
|---|---|
| <b>Cualificación final</b>              | <p><b>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</b></p> <p>A cualificación final será o resultado da suma dos seguintes cálculos de porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>❖ 60% da nota media da ordinaria da 1ª avaliación (ata 6 puntos).</li> <li>❖ 40% da nota media da ordinaria da 2ª avaliación (ata 4 puntos).</li> <li>❖ 15% do valor da cualificación da 3ª avaliación extra sobre a nota final (ata 1,5 puntos). Deste xeito a valoración da terceira avaliación sempre será positiva para o alumnado.</li> </ul> <p>A suma total máxima será de ata 10 puntos e o mínimo para unha avaliación positiva 5.</p> <p>O alumnado, que despois de seguir o plan de reforzo individualizado para recuperar as avaliacións suspensas non acade a avaliación positiva, poderá realizar unha proba presencial escrita se as autoridades sanitarias o permitisen . A nota desta proba determinará a cualificación da avaliación ordinaria de xuño.</p>                 |
| <b>Proba extraordinaria de setembro</b> | <p>No caso no que o alumnado non supere a materia en xuño, mediante o plan de reforzo individualizado deseñado para levar a cabo durante o terceiro trimestre e as probas de avaliación que se leven a cabo durante este período, deberá realizar unha proba extraordinaria en setembro.</p> <p>Esta proba extraordinaria basearase nos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles traballados durante o primeiro e segundo trimestre previos á declaración do estado de alarma.</p> <p>Para o alumnado que precise presentarse á proba de setembro deseñárase un programa de reforzo individualizado para levar a cabo durante o verán.</p> <p>A cualificación da proba extraordinaria de setembro virá determinada polos seguintes cálculos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ 60% do valor da proba obxectiva de setembro.</li> <li>✓ 40% do valor da cualificación das tarefas realizadas a partir do plan de reforzo individualizado.</li> </ul> |
| <b>Alumnado de materia pendente</b>     | Non hai alumnado nesta situación.   |

| <b>3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |   |
|---|---|
| <b>Actividades</b>  | <p>Seguindo as indicacións establecidas para o desenvolvemento deste terceiro trimestre na nosa Comunidade, desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado, flexibilizando os seus plans de traballo e coidando de non penalizar ou afectar ao seu benestar, nin sobrecargalo de tarefas excesivas.</p> <p>Así realizaranse as seguintes tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Actividades de recuperación e reforzo</i> para o alumnado que non acadou resultados positivos nos estándares de aprendizaxe e competencias traballados nos dous e/ou nun dos trimestres anteriores.</li> <li>- <i>Actividades de ampliación e reforzo</i> dos estándares de aprendizaxe e competencias traballados nos trimestres anteriores para o alumnado que obtivo resultados positivos nos mesmos.</li> </ul> <p>A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.</p> <p>Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.</p> |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>   | <p>Ademais da metodoloxía indicada na programación didáctica e tendo en conta a situación excepcional na que nos atopamos desde a declaración do estado de alarma e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo, debemos adaptar a metodoloxía, para que as actividades lectivas que se desenvolvan durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020 combinen de maneira integrada as actividades a distancia e as presenciais que puidesen levarse a cabo, segundo evolucione a situación sanitaria.</p> <p>Mentres dure a situación excepcional, identificarase o alumnado que ten dificultades para a conexión total ou permanente e aquel que ten conectividade plena. E as actividades deseñáranse tendo en conta estas circunstancias e farase unha adaptación das mesmas á situación persoal do alumnado.</p>   |

|                             |   |
|-----------------------------|---|
|                             | <p>Identificaranse e valoraranse especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso formativo do alumnado, reforzando e consolidando as aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.</p> <p>Personalizarase a metodoloxía de traballo, adaptándonos as circunstancias de cada alumno tendo en conta a dispoñibilidade de conectividade, a competencia dixital e as necesidades educativas detectadas.</p> <p>Todas as tarefas faranse chegar aos alumnos ben a través das plataformas virtuais establecidas ou a través do correo electrónico no caso de carencias tecnolóxicas salientables. O alumnado deberá entregar as tarefas polo mesmo medio. O docente facilitará as correccións e explicacións oportunas adaptándose a situación particular de cada alumno.</p> |
| <b>Materiais e recursos</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>➤ Google Classroom.</li><li>➤ Videoconferencias Google Meet.</li><li>➤ Libros dixitais.</li><li>➤ Libro de texto. Bioloxía e Xeoloxía. Editorial Santillana.</li><li>➤ Uso habitual das TIC. - Vídeos, fotografías, esquemas, debuxos, etc.</li><li>➤ Diversidade de webs educativas, webs de búsqueda, etc.</li><li>➤ Correo electrónico G suite.</li><li>➤ Ordenador, tableta e /ou Smartphone.</li><li>➤ Conexión a internet.</li></ul>  |

| <b>4.- Información e publicidade</b>         |  |
|--|--|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | <p>No departamento de Bioloxía e Xeoloxía utilizamos distintas canles de comunicación co alumnado e as familias:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Mensaxería de comunicados de Google Classroom.</li><li>• Correo electrónico.</li><li>• Videoconferencias Google Meet.</li><li>• Abalarmóbil.</li><li>• Chamadas telefónicas cos nosos teléfonos persoais.</li></ul> |
| <b>Publicidade</b>                           | <ul style="list-style-type: none"><li>+ Na páxina web do centro e na lapela do departamento de Bioloxía e Xeoloxía.</li><li>+ Mediante o correo electrónico.</li><li>+ Mediante os comunicados Google Classroom.</li><li>+ Mediante videoconferencias.</li></ul>   |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES RIBEIRA DO LOURO  
CURSO: 4º ESO  
MATERIA: Cultura Científica  
DEPARTAMENTO: Bioloxía e Xeoloxía  
DATA: 10/05/2020

## **ÍNDICE**

- 1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2.- Avaliación e cualificación.**
- 3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
- 4.- Información e publicidade.**

| 1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles traballados na 1ª e 2ª avaliación  |   |   |
|---|---|---|
| Criterio de avaliación  | Estándares de aprendizaxe   | Competencias  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Obter, seleccionar e valorar informacións relacionados con temas científicos da actualidade.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCIB1.1.1. Analiza un texto científico, valorando de forma crítica o seu contido.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>                            |
|   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCIB1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como internet.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>                |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Valorar a importancia da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico na actividade cotiá.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCIB1.2.1. Analiza o papel da investigación científica como motor da nosa sociedade e a súa importancia ao longo da historia.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>                           |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Comunicar conclusións e ideas en distintos soportes a públicos diversos, utilizando eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación, para transmitir opinións propias argumentadas.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCIB1.3.1. Comenta artigos científicos divulgativos realizando valoracións críticas e análises das consecuencias sociais, e defende en público as súas conclusións.</li> </ul>       | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Diferenciar as explicacións científicas relacionadas co Universo, o Sistema Solar, a Terra, a orixe da vida e a evolución das especies, daquelas baseadas en opinións ou crenzas.</li> </ul>               | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCIB2.1.1. Describe as teorías acerca da orixe, a evolución e o final do Universo, e establece os argumentos que as sustentan.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>                                       |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Coñecer os feitos históricos e as teorías que xurdiron ao longo da historia sobre a orixe do Universo, e en particular a teoría do Big Bang.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCIB2.2.1. Recoñece a teoría do Big Bang como explicación á orixe do Universo.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>                                       |
|   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCIB2.2.2. Sinala os acontecementos científicos que foron fundamentais para o coñecemento actual do Universo.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>                                       |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Describir a organización do Universo e como se agrupan as estrelas e pos planetas.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCIB2.3.1. Establece a organización do Universo coñecido, e sitúa nel o sistema solar.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>                                       |
|   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCIB2.3.2. Determina, coa axuda de exemplos, os aspectos máis salientables da Vía Láctea.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>                                       |
|   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCIB2.3.3. Xustifica a existencia da materia escura para explicar a estrutura do Universo.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>                                       |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Sinalar que observacións poñen de manifesto a existencia dun burato negro, e cales son as súas características.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCIB2.4.1. Argumenta a existencia dos buratos negros e describe as súas principais características.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>                                       |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Distinguir as fases da evolución das estrelas e relacionalas coa xénese de elementos.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCIB2.5.1. Coñece as fases da evolución estelar e describe en cal delas atopar o noso Sol.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>                                       |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.6. Recoñecer a formación do Sistema Solar.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCIB2.6.1. Explica a formación do Sistema Solar e describe a súa estrutura e as súas características principais.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>                                       |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.7. Indicar as condicións para a vida noutros planetas.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCIB2.7.1. Indica as condicións que debe cumprir un planeta para que poida albergar vida.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>                          |
|   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCIB3.1.1. Relaciona os principais problemas ambientais coas súas causas, e establece as súas consecuencias.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>                                       |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Identificar os principais problemas ambientais, as súas causas e os factores que os intensifican; predicir as súas consecuencias e propor solucións.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCIB3.1.2. Procura e describe solucións aplicables para resolver os principais problemas ambientais.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>   |

|  |  |  |
|--|--|--|
|  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>   |
| <b>Avaliación</b> | <p><b>Procedementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Para a avaliación do 1º e 2º trimestre, os procedementos de avaliación son os referidos na Programación Didáctica do departamento de Bioloxía e Xeoloxía do curso académico 19/20.</li> <li>• Para a <i>avaliación do 3º trimestre</i>, as tarefas realizadas dende a declaración do estado de alarma serán valoradas a través dunha rúbrica na que se terá en conta a realización das mesmas e o seu grado de consecución, tendo unha valoración positiva. <ul style="list-style-type: none"> <li>-- O alumnado coa 1ª e/ou 2ª avaliación suspensa realizará as tarefas propostas para reforzar e recuperar as avaliacións suspensas. Estas actividades que se basearán nos estándares imprescindibles e mínimos esixibles, serán valoradas mediante unha rúbrica que avaliará tanto a entrega e realización como o grado de consecución das mesmas. Se as autoridades sanitarias o permitisen o alumnado que non obteña unha valoración positiva (mínimo 5 puntos) nestas actividades de recuperación poderá realizar unha proba escrita presencial en xuño.</li> </ul> </li> </ul> <p>As tarefas realizaranse a través de diferentes plataformas virtuais, principalmente Google Classroom ou vía correo electrónico (naqueles casos onde non dispoñan de acceso aos outros recursos). Tamén haberá videoconferencias ou gravacións explicativas (segundo a conectividade). En todo momento haberá un prazo de tempo razoable para a realización das tarefas.</p> <p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Para a avaliación do 1º e 2º trimestre os instrumentos de avaliación son os referidos na Programación Didáctica do departamento de Bioloxía e Xeoloxía do curso académico 19/20.</li> <li>• Para a avaliación do 3º trimestre os procedementos e instrumentos de avaliación serán os seguintes: <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Caderno do profesor na plataforma Google Classroom, onde se recollen a realización das tarefas propostas (de información, elaboración, investigación, etc.) e as cualificacións das mesmas.</li> <li>♦ Análise das producións dos alumnos.</li> <li>♦ Caderno do alumno na plataforma Google Classroom.</li> <li>♦ Rúbricas de avaliación.</li> <li>♦ Rexistro das evidencias remitidas polo alumnado a través da aplicación Google Classroom e do correo electrónico.</li> </ul> </li> </ul> |
|-------------------|--|

|   |   |
|---|---|
| <b>Cualificación final</b>              | <p><b>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</b></p> <p>A cualificación final será o resultado da suma dos seguintes cálculos de porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>❖ 50% da nota media da ordinaria da 1ª avaliación (ata 6 puntos).</li> <li>❖ 50% da nota media da ordinaria da 2ª avaliación (ata 4 puntos).</li> <li>❖ 15% do valor da cualificación da 3ª avaliación extra sobre a nota final (ata 1,5 puntos). Deste xeito a valoración da terceira avaliación sempre será positiva para o alumnado.</li> </ul> <p>A suma total máxima será de ata 10 puntos e o mínimo para unha avaliación positiva 5.</p> <p>O alumnado, que despois de seguir o plan de reforzo individualizado para recuperar as avaliacións suspensas non acade a avaliación positiva, poderá realizar unha proba presencial escrita se as autoridades sanitarias o permitisen . A nota desta proba determinará a cualificación da avaliación ordinaria de xuño.</p> |
| <b>Proba extraordinaria de setembro</b> | <p>No caso no que o alumnado non supere a materia en xuño, mediante o plan de reforzo individualizado deseñado para levar a cabo durante o terceiro trimestre e as probas de avaliación que se leven a cabo durante este período, deberá realizar unha proba extraordinaria en setembro.</p> <p>Esta proba extraordinaria basearase nos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles traballados durante o primeiro e segundo trimestre previos á declaración do estado de alarma.</p> <p>A cualificación da proba extraordinaria de setembro virá determinada polo seguinte cálculo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ 100% do valor da proba obxectiva de setembro.</li> </ul>  |
| <b>Alumnado de materia pendente</b>     | <p>Non hai alumnado nesta situación.</p>  |

| <b>3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |   |
|---|---|
| <b>Actividades</b>  | <p>Seguindo as indicacións establecidas para o desenvolvemento deste terceiro trimestre na nosa Comunidade, desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado, flexibilizando os seus plans de traballo e coidando de non penalizar ou afectar ao seu benestar, nin sobrecargalo de tarefas excesivas.</p> <p>Así realizaranse as seguintes tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Actividades de recuperación e reforzo</i> para o alumnado que non acadou resultados positivos nos estándares de aprendizaxe e competencias traballados nos dous e/ou nun dos trimestres anteriores.</li> <li>- <i>Actividades de ampliación e reforzo</i> dos estándares de aprendizaxe e competencias traballados nos trimestres anteriores para o alumnado que obtivo resultados positivos nos mesmos.</li> <li>- <i>Actividades de ampliación</i> tendo como referencia os estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para traballar na terceira avaliación, seguindo as orientacións do grupo de traballo das probas ABAU. Para o alumnado que acadou resultados positivos na primeira e segunda avaliación.</li> </ul> <p>A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.</p> <p>Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.</p> |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>   | <p>Ademais da metodoloxía indicada na programación didáctica e tendo en conta a situación excepcional na que nos atopamos desde a declaración do estado de alarma e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo, debemos adaptar a metodoloxía, para que as actividades lectivas que se desenvolvan durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020 combinen de maneira integrada as actividades a distancia e as presenciais que puidesen levarse a cabo, segundo evolucione a situación sanitaria.</p> <p>Mentres dure a situación excepcional, identificarase o alumnado que ten dificultades para a conexión total ou</p>   |

|                             |  |
|-----------------------------|--|
|                             | <p>permanente e aquel que ten conectividade plena. E as actividades deseñáranse tendo en conta estas circunstancias e farase unha adaptación das mesmas á situación persoal do alumnado.</p> <p>Identificaranse e valoraranse especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso formativo do alumnado, reforzando e consolidando as aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.</p> <p>Personalizarase a metodoloxía de traballo, adaptándonos as circunstancias de cada alumno tendo en conta a dispoñibilidade de conectividade, a competencia dixital e as necesidades educativas detectadas.</p> <p>Todas as tarefas faranse chegar aos alumnos ben a través das plataformas virtuais establecidas ou a través do correo electrónico no caso de carencias tecnolóxicas salientables. O alumnado deberá entregar as tarefas polo mesmo medio. O docente facilitará as correccións e explicacións oportunas adaptándose a situación particular de cada alumno.</p> |
| <b>Materiais e recursos</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>➤ Google Classroom.</li><li>➤ Videoconferencias Google Meet.</li><li>➤ Libros dixitais.</li><li>➤ Libro de texto. CTMA. Ed. Anaya.</li><li>➤ Uso habitual das TIC. - Vídeos, fotografías, esquemas, debuxos, etc.</li><li>➤ Diversidade de webs educativas, webs de búsqueda, etc.</li><li>➤ Correo electrónico G suite.</li><li>➤ Ordenador, tableta e /ou Smartphone.</li><li>➤ Conexión a internet.</li></ul>   |

| <b>4.- Información e publicidade</b>         |  |
|--|--|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | <p>No departamento de Bioloxía e Xeoloxía utilizamos distintas canles de comunicación co alumnado e as familias:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Mensaxería de comunicados de Google Classroom.</li><li>• Correo electrónico.</li><li>• Videoconferencias Google Meet.</li><li>• Abalarmóbil.</li><li>• Chamadas telefónicas cos nosos teléfonos persoais.</li></ul> |
| <b>Publicidade</b>                           | <ul style="list-style-type: none"><li>✚ Na páxina web do centro e na lapela do departamento de Bioloxía e Xeoloxía.</li><li>✚ Mediante o correo electrónico.</li><li>✚ Mediante os comunicados Google Classroom.</li><li>✚ Mediante videoconferencias.</li></ul>   |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. RIBEIRA DO LOURO  
CURSO: 2º FP BÁSICA - SERVICIOS COMERCIAIS  
MÓDULO: CIENCIAS APLICADAS II  
DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA  
DATA: 10/05/2020



## **ÍNDICE**

- 1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2.- Avaliación e cualificación.**
- 3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4.- Información e publicidade.**

| 1.- Resultados de aprendizaxe e competencias imprescindibles   |  |
|--|--|
| Criterio de avaliación   | Resultados de aprendizaxe  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ CA1.1. Utilizáronse identidades notables nas operacións con polinomios.</li> <li>✓ CA1.2. Obtivéronse valores numéricos a partir dunha expresión alxébrica.</li> <li>✓ CA1.3. Resolvéronse ecuacións de primeiro e segundo grao sinxelas de modo alxébrico e gráfico.</li> <li>✓ CA1.4. Resolvéronse problemas cotiáns e doutras áreas de coñecemento mediante ecuacións e sistemas.</li> <li>✓ CA1.5. Valorouse a precisión, a simplicidade e a utilidade da linguaxe alxébrica para representar situacións formuladas na vida real.</li> <li>✓ CA1.6. Resolvéronse sistemas de ecuacións sinxelos.</li> </ul>   | <p>RA1. Resolve situacións cotiás aplicando os métodos de resolución de ecuacións e de sistemas, valorando a precisión, a simplicidade e a utilidade da linguaxe alxébrica</p> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ CA2.1. Formuláronse hipóteses sinxelas, a partir de observacións directas ou indirectas compiladas por distintos medios.</li> <li>✓ CA2.2. Analizáronse diversas hipóteses e emitíuse unha primeira aproximación á súa explicación.</li> <li>✓ CA2.3. Planificáronse métodos e procedementos experimentais sinxelos de diversa índole para refutar ou non a súa hipótese.</li> <li>✓ CA2.4. Traballouse en equipo na formulación da solución.</li> <li>✓ CA2.5. Compiláronse os resultados dos ensaios de verificación e reflectíronse nun documento de xeito coherente.</li> <li>✓ CA2.6. Defendeuse o resultado con argumentacións e probas, e verificacións ou refutacións das hipóteses emitidas</li> </ul> | <p>RA2. Resolve problemas sinxelos de diversa índole, a través da súa análise contrastada e aplicando as fases do método científico.</p>                                       |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ CA3.1. Utilizáronse instrumentos apropiados para medir ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e de figuras xeométricas, interpretando as escalas de medida.</li> <li>✓ CA3.2. Utilizáronse estratexias (semellanzas e descomposición en figuras máis sinxelas, etc.) para estimar ou calcular medidas</li> </ul>  | <p>RA3. Realiza medidas directas e indirectas de figuras xeométricas presentes en contextos reais, utilizando os instrumentos, as fórmulas e as técnicas necesarias.</p>       |

|  |   |
|--|---|
| <p>indirectas no mundo físico.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ CA3.3. Utilizáronse as fórmulas para calcular perímetros, áreas e volumes, e asignáronse as unidades correctas.</li> <li>✓ CA3.4. Traballouse en equipo na obtención de medidas.</li> <li>✓ CA3.5. Utilizáronse as TIC para representar figuras.</li> </ul>  |   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ CA4.1. Expresouse a ecuación da recta de diversas formas.</li> <li>✓ CA4.2. Representouse graficamente a función cuadrática aplicando métodos sinxelos para a súa representación.</li> <li>✓ CA4.3. Representouse graficamente a función inversa.</li> <li>✓ CA4.4. Representouse graficamente a función exponencial.</li> <li>✓ CA4.5. Extraeuse información de gráficas que representen os tipos de funcións asociadas a situacións reais.</li> </ul> | <p>RA4. Interpreta gráficas de dúas magnitudes calculando os parámetros significativos destas e relacionándoo con funcións matemáticas elementais e os principais valores estatísticos.</p> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ CA5.1. Verificouse a dispoñibilidade do material básico utilizado nun laboratorio.</li> <li>✓ CA5.2. Identificáronse e medíronse magnitudes básicas (masa, peso, volume, densidade, temperatura, etc.).</li> <li>✓ CA5.4. Describíronse a célula e os tecidos animais e vexetais mediante a súa observación a través de instrumentos ópticos.</li> <li>✓ CA5.6. Aplicáronse as normas de traballo no laboratorio.</li> </ul>                            | <p>RA5. Aplica técnicas físicas ou químicas, utilizando o material necesario para a realización de prácticas de laboratorio sinxelas, medindo as magnitudes implicadas.</p>                 |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ CA7.1. Analizáronse efectos positivos e negativos do uso da enerxía nuclear.</li> <li>✓ CA7.2. Diferenciáronse os procesos de fusión e de fisión nuclear.</li> <li>✓ CA7.3. Identificáronse algúns problemas sobre verteduras nucleares produto de catástrofes naturais ou de mala xestión e mal mantemento das centrais nucleares.</li> <li>✓ CA7.4. Argumentouse sobre a problemática dos residuos nucleares.</li> </ul>                              | <p>RA7. Identifica aspectos positivos e negativos do uso da enerxía nuclear, e describe os efectos da contaminación xerada na súa aplicación.</p>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ CA8.1. Identificáronse os axentes xeolóxicos externos e cal é a súa acción sobre o relevo.</li> <li>✓ CA8.2. Diferenciáronse os tipos de meteorización e</li> </ul>   | <p>RA8. Identifica os cambios que se producen no planeta Terra argumentando as súas causas e tendo en conta as diferenzas entre relevo e paisaxe.</p>                                       |

|   |  |
|---|--|
| <p>identificáronse as súas consecuencias no relevo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ CA8.3. Analizouse o proceso de erosión, recoñecendo os axentes xeolóxicos externos que interveñen e as consecuencias no relevo.</li> <li>✓ CA8.4. Describiuse o proceso de transporte discriminando os axentes xeolóxicos externos que interveñen e as consecuencias no relevo.</li> <li>✓ CA8.5. Analizouse o proceso de sedimentación discriminando os axentes xeolóxicos externos que interveñen, as situacións e as consecuencias no relevo.</li> </ul>  |  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ CA9.1. Recoñecéronse os fenómenos da contaminación atmosférica e os principais axentes que a causan.</li> <li>✓ CA9.2. Investigouse sobre o fenómeno da chuvia ácida, as súas consecuencias inmediatas e futuras, e como sería posible evitala.</li> <li>✓ CA9.3. Describiuse o efecto invernadoiro argumentando as súas causas ou axentes que contribúen a el, así como as medidas para a súa redución.</li> <li>✓ CA9.4. Describiuse a problemática que ocasiona a perda paulatina da capa de ozono, e as consecuencias para a saúde das persoas, o equilibrio da hidrosfera e as poboacións.</li> </ul> | <p>RA9. Categoriza os contaminantes atmosféricos principais identificando as súas orixes e relacionándoas cos seus efectos.</p>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ CA10.1. Recoñeceuse e valorouse o papel da auga na existencia e na supervivencia da vida no planeta.</li> <li>✓ CA10.2. Identificouse o efecto nocivo da contaminación dos acuíferos nas poboacións de seres vivos.</li> <li>✓ CA10.4. Analizáronse os efectos producidos pola contaminación da auga e o uso responsable desta.</li> </ul>   | <p>RA10. Identifica os contaminantes da auga tendo en conta a relación entre o seu efecto no ambiente e o seu tratamento de depuración.</p>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ CA11.1. Analizáronse as implicacións positivas dun desenvolvemento sustentable.</li> <li>✓ CA11.2. Propuxéronse medidas elementais encamiñadas a</li> </ul>  | <p>RA11. Contribúe ao equilibrio ambiental, analizando e argumentando as liñas básicas sobre o desenvolvemento sustentable e propondo accións para a súa mellora e a súa conservación.</p> |

favorecer o desenvolvemento sustentable.

- ✓ CA11.3. Diseñáronse estratexias básicas para posibilitar o mantemento do ambiente.

| <b>2.- Avaliación e cualificación</b> |  |
|---------------------------------------|--|
| <b>Avaliación</b>                     | <p><b>Procedementos e Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Para a avaliación do 1º e 2º trimestre e aparte presencial do 3º trimestre, os procedementos e instrumentos de avaliación son os referidos na Programación Didáctica do MÓDULO DE CIENCIAS APLICADAS II do curso académico 19/20.</li> <li>• Para a avaliación da parte non presencial os procedementos e instrumentos de avaliación son os seguintes: <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Caderno do profesor na plataforma Google classroom, onde se recollen a realización das tarefas propostas (de información, elaboración, investigación, etc.) e as cualificacións das mesmas.</li> <li>♦ Análise das producións dos alumnos.</li> <li>♦ Caderno do alumno na plataforma Google classroom.</li> <li>♦ Rúbricas de avaliación.</li> </ul> </li> <li>• Para o alumnado que non adquirise os resultados de aprendizaxe imprescindibles na avaliación final de módulo, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar o módulo, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo. A cualificación das mesmas realizarase mediante unha rubrica de avaliación.</li> </ul> |
| <b>Cualificación final</b>            | <p><b>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</b></p> <p>A cualificación final será o resultado da suma dos seguintes cálculos de porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O 100% da cualificación final corresponde a media aritmética dos resultados obtidos durante a parte presencial do curso académico 19/20.</li> <li>• Traballo non presencial realizado na 3ª avaliación: Ata un 10% en función da realización e do nivel de consecución.</li> </ul>   |
| <b>Proba extraordinaria de xuño</b>   | <p><i>O alumnado co módulo suspenso</i> realizará as tarefas propostas para reforzar e recuperar as avaliacións suspensas. Estas actividades que se basearán nos resultados de aprendizaxe imprescindibles, serán valoradas mediante unha rúbrica que avaliará tanto a entrega e realización como o grado de consecución das mesmas. Se as autoridades sanitarias o permitisen o alumnado que non obteña unha valoración positiva (mínimo 5 puntos) nestas actividades de recuperación poderá realizar unha proba escrita presencial en xuño.</p> <p>As tarefas realizaranse a través de diferentes plataformas virtuais, principalmente Google Classroom ou vía correo electrónico (naqueles casos onde non dispoñan de acceso aos outros recursos). Tamén haberá videoconferencias ou gravacións explicativas (segundo a conectividade).</p> <p>En todo momento haberá un prazo de tempo razoable para a realización das tarefas.</p>  |

|                                     |  |
|-------------------------------------|--|
| <b>Alumnado de materia pendente</b> | <b>Criterios de avaliación:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ CA1.1. Identificáronse os tipos de números e utilizáronse para interpretar adecuadamente a información cuantitativa.</li><li>✓ CA1.2. Realizáronse cálculos con eficacia mediante cálculo mental ou mediante algoritmos de lapis e calculadora (física ou informática).</li><li>✓ CA1.4. Operouse con potencias de expoñente natural e enteiro aplicando as propiedades.</li><li>✓ CA1.5. Utilizouse a notación científica para representar números moi grandes ou moi pequenos e operar con eles.</li><li>✓ CA1.7. Caracterizouse a proporción como expresión matemática.</li><li>✓ CA1.8. Comparáronse magnitudes establecendo o seu tipo de proporcionalidade.</li><li>✓ CA1.9. Utilizouse a regra de tres para resolver problemas nos que interveñen magnitudes directamente e inversamente proporcionais.</li><li>✓ CA1.10. Aplicouse o xuro simple e composto en actividades cotiás.</li><li>✓ CA2.3. Tivéronse en conta as condicións de hixiene e seguridade para as técnicas experimentais que se vaian realizar.</li><li>✓ CA3.1. Describíronse as propiedades da materia.</li><li>✓ CA3.2. Practicáronse os cambios de unidades de lonxitude, masa e capacidade.</li><li>✓ CA3.3. Identificouse a equivalencia entre unidades de volume e capacidade.</li><li>✓ CA5.2. Recoñecéronse diversas fontes de enerxía.</li><li>✓ CA5.3. Establecéronse grupos de fontes de enerxía renovable e non renovable.</li><li>✓ CA6.1. Identificáronse e describíronse os órganos que configuran o corpo humano, e asociáronse ao sistema ou ao aparello correspondente.</li><li>✓ CA6.2. Relacionouse cada órgano, sistema e aparello á súa función, e indicáronse as súas asociacións.</li><li>✓ CA6.3. Describiuse a fisioloxía do proceso de nutrición e identificouse a función das estruturas anatómicas dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor.</li><li>✓ CA6.4. Describiuse a fisioloxía do proceso de reprodución e identificouse a función das estruturas anatómicas do aparello reprodutor.</li><li>✓ CA6.5. Detallouse como funciona o proceso de relación e identificouse a función das estruturas anatómicas dos sistemas nervioso e endócrino.</li><li>✓ CA6.6. Utilizáronse ferramentas informáticas para describir adecuadamente aparellos e sistemas.</li><li>✓ CA7.1. Identificáronse situacións de saúde e de doenza para as persoas.</li><li>✓ CA7.2. Describíronse os mecanismos encargados da defensa do organismo.</li><li>✓ CA7.3. Identificáronse e clasificáronse as doenzas infecciosas e</li></ul> |
|-------------------------------------|--|

|  |  |
|--|--|
|  | <p>non infecciosas máis comúns na poboación, e recoñecéronse as súas causas, a súa prevención e os seus tratamentos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ CA7.4. Relacionáronse os axentes que causan as doenzas infecciosas habituais co contaxio producido.</li> <li>✓ CA7.5. Describiuse a acción das vacinas, dos antibióticos e doutras achegas da ciencia médica para o tratamento e a prevención de doenzas infecciosas.</li> <li>✓ CA7.6. Recoñeceuse o papel das campañas de vacinación na prevención de doenzas infecciosas.</li> <li>✓ CA7.7. Describiuse o tipo de doazóns e os problemas que se producen nos transplantes.</li> <li>✓ CA7.8. Recoñecéronse situacións de risco para a saúde relacionadas co contorno profesional máis próximo.</li> <li>✓ CA7.9. Deseñáronse pautas de hábitos saudables relacionados con situacións cotiás.</li> <li>✓ CA8.1. Discriminouuse entre o proceso de nutrición e o de alimentación.</li> <li>✓ CA8.2. Diferenciáronse os nutrientes necesarios para o mantemento da saúde.</li> <li>✓ CA8.3. Recoñeceuse a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico no coidado do corpo humano.</li> <li>✓ CA8.4. Relacionáronse as dietas coa saúde, diferenciando entre as necesarias para o mantemento da saúde e as que poden conducir a unha mingua desta.</li> <li>✓ CA8.5. Realizouse o cálculo sobre balances calóricos en situacións habituais do contorno.</li> <li>✓ CA8.6. Calculouse o metabolismo basal e os seus resultados, e representouse nun diagrama establecendo comparacións e conclusións.</li> <li>✓ CA8.7. Elaboráronse menús para situacións concretas, investigando na rede as propiedades dos alimentos.</li> <li>✓ CA9.1. Concretáronse propiedades ou relacións de situacións sinxelas mediante expresións alxébricas.</li> <li>✓ CA9.2. Simplificáronse expresións alxébricas sinxelas utilizando métodos de desenvolvemento e factorización.</li> </ul> |
|  | <p><b>Criterios de cualificación:</b></p> <p>O alumnado co MÓDULO DE CIENCIAS APLICADAS I pendente, superará dito módulo en base a cualificación do MÓDULO DE CIENCIAS APLICADAS II.</p> <p>Unha vez superado o módulo de ciencias aplicadas II, terá a cualificación de aprobado no módulo de ciencias aplicadas I.</p>   |
|  | <p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Boletíns de actividades desenvolvido durante o curso 19/20 (tanto no período presencial como no non presencial)</li> <li>• Rexistro da entrega e das cualificacións dos boletíns de actividades que permitan unha avaliación obxectiva.</li> <li>• Rúbrica de avaliación.</li> </ul>  |



|  |                       |
|--|-----------------------|
|  | • Observación directa |
|--|-----------------------|

| <b>3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |   |
|---|---|
| <b>Actividades</b>  | <p>Durante o terceiro trimestre desenvóléronse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes, flexibilizando os seus plans de traballo e coidando de non penalizar ou afectar ao benestar do seu alumnado, nin sobrecargalo de tarefas excesivas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A ampliación das aprendizaxes tomou como referentes aqueles resultados de aprendizaxe máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requirían a mínima intervención docente.</li> <li>• Para o alumnado que non adquiriu os resultados de aprendizaxe imprescindibles do curso, propóránelle actividades que lles axuden a adquirilas e superar o módulo, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.</li> </ul>  |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A metodoloxía empregada durante a fase presencial foi a referida na Programación Didáctica do MÓDULO DE CIENCIAS APLICADAS II do curso académico 19/20.</li> <li>• Ademais da metodoloxía indicada na programación didáctica e tendo en conta a situación excepcional na que nos atopamos desde a declaración do estado de alarma e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo de España, debemos adaptar a metodoloxía, para que as actividades lectivas que se desenvolvan durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020 combinen de maneira integrada as actividades a distancia e as presenciais que puidesen levarse a cabo, segundo evolucione a situación sanitaria. <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Identificando e valorando especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso formativo do alumnado, reforzando e consolidando as aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.</li> <li>➤ Priorizando a progresión e consecución dos resultados de aprendizaxe.</li> <li>➤ Levando a cabo actividades de avaliación no terceiro trimestre, que terán en todo caso carácter diagnóstico, polo mecanismo que o noso centro ven</li> </ul> </li> </ul> |

|                             |  |
|-----------------------------|--|
|                             | <p>utilizando para comunicarse co alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe desde a suspensión da actividade presencial.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>➤ Personalizando a metodoloxía de traballo, adaptándonos as circunstancias de cada alumno tendo en conta a dispoñibilidade de conectividade, a competencia dixital e as necesidades educativas detectadas.</li></ul>   |
| <b>Materiais e recursos</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>➤ Google classroom.</li><li>➤ Libro de texto. CIENCIAS APLICADAS II. Editorial Santillana.</li><li>➤ Libros dixitais.</li><li>➤ Uso habitual das TIC. - Vídeos, fotografías, esquemas, debuxos, etc.</li><li>➤ Diversidade de webs educativas, webs de búsqueda, etc.</li><li>➤ Correo electrónico G suite.</li><li>➤ Videoconferencias Google meet.</li><li>➤ Ordenador, tableta e /ou Smartphone.</li><li>➤ Conexión a internet.</li></ul> |

| <b>4.- Información e publicidade</b>         |  |
|--|--|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | <p>No departamento de Bioloxía e Xeoloxía utilizamos distintas canles de comunicación co alumnado e as familias:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Mensaxería de comunicados de Google classroom.</li><li>• Correo electrónico.</li><li>• Videoconferencias Google meet.</li><li>• Abalarmóbil.</li><li>• Chamadas telefónicas cos nosos teléfonos persoais.</li></ul> |
| <b>Publicidade</b>                           | <ul style="list-style-type: none"><li>➤ Na páxina web do centro.</li><li>➤ Mediante o correo electrónico.</li><li>➤ Mediante os comunicados Google classroom.</li><li>➤ Mediante Videoconferencias.</li></ul>  |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO:** IES RIBEIRA DO LOURO

**CURSO:** 2019-2020

**MATERIA:** CIENCIAS APLICADAS II – F.P. Básica Electrónica

**DEPARTAMENTO:** Bioloxía e xeoloxía

**DATA:** 10 de maio de 2020

## **ÍNDICE**

- 1.- Resultados de aprendizaxe e Criterios de avaliación.**
- 2.- Avaliación e cualificación.**
- 3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4.- Información e publicidade.**

## 1.- Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación imprescindibles traballados na 1ª e 2º avaliación (parte presencial)

| Resultados de aprendizaxe  | Criterios de avaliación   |
|--|---|
| RA1 - Resolve situacións cotiás aplicando os métodos de resolución de ecuacións e de sistemas, valorando a precisión, a simplicidade e a utilidade da linguaxe alxébrica | CA1.1 Utilizáronse identidades notables nas operacións con polinomios   |
|  | CA1.2 Obtivéronse valores numéricos a partir dunha expresión alxébrica  |
|  | CA1.3 Resolvéronse ecuacións de primeiro e segundo grao sinxelas de modo alxébrico e gráfico  |
|  | CA1.4 Resolvéronse problemas cotiás e doutras áreas de coñecemento mediante ecuacións e sistemas  |
|  | CA1.5 Valorouse a precisión, a simplicidade e a utilidade da linguaxe alxébrica para representar situacións formuladas na vida real                               |
|  | CA1.6 Resolvéronse sistemas de ecuacións sinxelos   |
| RA3 - Realiza medidas directas e indirectas de figuras xeométricas presentes en contextos reais, utilizando os instrumentos, as fórmulas e as técnicas necesarias        | CA3.1 Utilizáronse instrumentos apropiados para medir ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e de figuras xeométricas, interpretando as escalas de medida |
|  | CA3.2 Utilizáronse estratexias (semellanzas e descomposición en figuras máis sinxelas, etc.) para estimar ou calcular medidas indirectas no mundo físico          |
|  | CA3.3 Utilizáronse as fórmulas para calcular perímetros, áreas e volumes, e asignáronse as unidades correctas   |
|  | CA3.4 Tráballouse en equipo na obtención de medidas   |

|  |   |
|--|---|
|  | CA3.5 Utilizáronse as TIC para representar figuras  |
| RA4 - Interpreta gráficas de dúas magnitudes calculando os parámetros significativos destas e relacionándoo con funcións matemáticas elementais e os principais valores estatísticos | CA4.1 Expresouse a ecuación da recta de diversas formas   |
|  | CA4.5 Extraeuse información de gráficas que representen os tipos de funcións asociadas a situacións reais   |
|  | CA4.7 Elaboráronse e interpretáronse táboas e gráficos estatísticos   |
| RA2 - Resolve problemas sinxelos de diversa índole, a través da súa análise contrastada e aplicando as fases do método científico  | CA2.1 Formuláronse hipóteses sinxelas, a partir de observacións directas ou indirectas compiladas por distintos medios  |
|  | CA2.2 Analizáronse diversas hipóteses e emitíuse una primeira aproximación á súa explicación  |
|  | CA2.4 Traballouse en equipo na formulación da solución  |
|  | CA2.6 Defendeuse o resultado con argumentacións e probas, e verificacións ou refutacións das hipóteses emitidas   |
|  | CA6.6 Elaboráronse informes utilizando as TIC sobre as industrias máis salientables (alimentaria, cosmética e de reciclaxe), describindo de forma sinxela os procesos que teñen lugar nelas |
| RA7 - Identifica aspectos positivos e negativos do uso da enerxía nuclear, e describe os efectos da contaminación xerada na súa aplicación   | CA7.1 Analizáronse efectos positivos e negativos do uso da enerxía nuclear  |
|  | CA7.1 Analizáronse efectos positivos e negativos do uso da enerxía nuclear  |
|  | CA7.2 Diferenciáronse os procesos de fusión e de fisión nuclear.  |

|   |  |
|---|--|
|   | CA7.3 Identificáronse algúns problemas sobre verteduras nucleares produto de catástrofes naturais ou de mala xestión e mal mantemento das centrais nucleares |
|   | CA7.4 Argumentouse sobre a problemática dos residuos nucleares   |
|   | CA7.5 Traballouse en equipo e utilizáronse as TIC  |
| RA13 - Identifica os aspectos básicos da produción, o transporte e a utilización da enerxía eléctrica, e os factores que interveñen no seu consumo, describindo os cambios producidos e as magnitudes e valores característicos | CA13.2 Analizáronse os hábitos de consumo e de aforro eléctrico e establecéronse liñas de mellora neles  |
|   | CA13.3 Clasificáronse as centrais eléctricas e describiuse a transformación enerxética nelas   |
|   | CA13.4 Analizáronse as vantaxes e as desvantaxes das centrais eléctricas   |
| RA8 - Identifica os cambios que se producen no planeta Terra argumentando as súas causas e tendo en conta as diferenzas entre relevo e paisaxe  | CA8.1 Identificáronse os axentes xeolóxicos externos e cal é a súa acción sobre o relevo   |
|   | CA8.2 Diferenciáronse os tipos de meteorización e identificáronse as súas consecuencias no relevo  |
|   | CA8.3 Analizouse o proceso de erosión, recoñecendo os axentes xeolóxicos externos que interveñen e as consecuencias no relevo                                |
|   | CA8.4 Describiuse o proceso de transporte discriminando os axentes xeolóxicos externos que interveñen e as consecuencias no relevo                           |
|   | CA8.5 Analizouse o proceso de sedimentación discriminando os axentes xeolóxicos externos que interveñen, as situacións e as consecuencias no relevo          |
| RA9 - Categoriza os contaminantes atmosféricos principais identificando as súas   | CA9.1 Recoñecéronse os fenómenos da contaminación atmosférica e os principais axentes que a causan   |



|   |   |
|---|---|
| orixes e relacionándoas cos seus efectos  | CA9.2 Investigouse sobre o fenómeno da chuvia ácida, as súas consecuencias inmediatas e futuras, e como sería posible evitala   |
|   | CA9.3 Describiuse o efecto invernadoiro argumentando as súas causas ou axentes que contribúen a el, así como as medidas para a súa redución                               |
|   | CA9.4 Describiuse a problemática que ocasiona a perda paulatina da capa de ozono, e as consecuencias para a saúde das persoas, o equilibrio da hidrosfera e as poboacións |
| RA10 - Identifica os contaminantes da auga tendo en conta a relación entre o seu efecto no ambiente e o seu tratamento de depuración  | CA10.1 Recoñeceuse e valorouse o papel da auga na existencia e na supervivencia da vida no planeta  |
|   | CA10.2 Identificouse o efecto nocivo da contaminación dos acuíferos nas poboacións de seres vivos   |
|   | CA10.3 Identificáronse posibles contaminantes en mostras de auga de distinta orixe, planificando e realizando ensaios de laboratorio                                      |
|   | CA10.4 Analizáronse os efectos producidos pola contaminación da auga e o uso responsable desta  |
| RA11 - Contribúe ao equilibrio ambiental, analizando e argumentando as liñas básicas sobre o desenvolvemento sustentable e propondo accións para a súa mellora e a súa conservación | CA11.1 Analizáronse as implicacións positivas dun desenvolvemento sustentable   |
|   | CA11.2 Propuxéronse medidas elementais encamiñadas a favorecer o desenvolvemento sustentable  |
|   | CA11.3 Deseñáronse estratexias básicas para posibilitar o mantemento do ambiente  |
|   | CA11.4 Traballouse en equipo na identificación dos obxectivos para a mellora ambiental  |

| <b>2.- Avaliación e cualificación</b> |  |
|---------------------------------------|--|
| <b>Avaliación</b>                     | <p><u>Procedementos e instrumentos para a avaliación do período previo á declaración do estado de alarma</u> polo RD463/2020 (1º e 2 trimestre): empregaranse os detallados na programación didáctica incluída na aplicación de programación didáctica de módulos profesionais (MP3019 Ciencias aplicadas II- Electricidade e electrónica - curso 2019/2020, do IES Ribeira do Louro).</p> <p><u>Procedementos para a avaliación non presencial do 3º trimestre e para a avaliación final do módulo así como a avaliación extraordinaria</u> :</p> <p>Teranse en conta as tarefas realizadas dende a declaración do estado de alarma, e serán valoradas a través dunha rúbrica na que se terán en conta a realización das mesmas e o grao de consecución. Tendo unha valoración positiva.</p> <p>Para o alumnado que non acadou unha avaliación positiva na avaliación final do módulo avaliarase o plan de reforzo deseñada para reforzar os resultados de aprendizaxe mínimos reflectidos na táboa 1 deste documento.</p> <p><u>Instrumentos</u> para a avaliación non presencial do 3º trimestre e para a avaliación final do módulo así como a avaliación extraordinaria :</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Caderno do profesor da aplicación Google Classroom onde se recollen e rexistran as tarefas propostas e as cualificacións das mesmas</li> <li>✓ Rexistro das evidencias remitidas polo alumnado a través da aplicación Google Classroom e do correo electrónico</li> <li>✓ Análise das producións do alumnado</li> <li>✓ Rúbricas de avaliación (valorarase tanto a entrega e realización das tarefas coma o grao de consecución das mesmas).</li> </ul> <p>Se as autoridades sanitarias o permitisen o alumnado que non obteña unha valoración positiva (mínimo 5 puntos) nestas actividades de reforzo poderá realizar unha proba escrita presencial en xuño.</p> |
| <b>Cualificación final</b>            | <p>O procedemento para obter a cualificación final de curso será o resultado de aplicar o recollido nos epígrafes 5 e 6 da programación didáctica incluída na aplicación de programación didáctica de módulos profesionais (MP3019 Ciencias aplicadas II- Electricidade e electrónica - curso 2019/2020, do IES Ribeira do Louro). A este resultado engadiráselle ata un 15% do resultado das tarefas realizadas dende a declaración do estado de alarma segundo os datos recollidos na rúbrica elaborada para tal fin. Nesta rúbrica valorarase tanto a entrega e realización das tarefas coma o grao de consecución das mesmas.</p> <p>A suma total máxima será de ata 10 puntos e o mínimo para unha avaliación positiva 5 puntos.</p>  |

|  |   |
|--|---|
| <p><b>Proba extraordinaria de avaliación final de módulo de xuño</b></p> | <p>Para o alumnado que non supere a avaliación final de módulo propónse un plan de reforzo individualizado deseñado para levar a cabo ata finalizar o curso no mes de xuño. Valorarase o traballo realizado durante este período.</p> <p>Se as autoridades sanitarias o permitisen o alumnado que non obteña unha valoración positiva (mínimo 5 puntos) nestas actividades de reforzo poderá realizar unha proba escrita presencial en xuño. As proba terá como referencia os resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación imprescindibles recollido na táboa do apartado 1.</p> |
| <p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>                               | <p>Criterios de avaliación: Non se contemplan xa que non hai alumnado nestas condicións</p> <p>Criterios de cualificación: Non se contemplan xa que non hai alumnado nestas condicións.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Non se contemplan xa que non hai alumnado nestas condicións.</p>   |

| <b>3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |  |
|---|--|
| <b>Actividades</b>  | <p>Segundo as indicacións referidas nas instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da C.A. de Galicia.</p> <p>Na materia de Ciencias Aplicadas II- F.P. Básica - Electricidade e electrónica, levaranse a cabo <u>actividades de recuperación e reforzo</u> para o alumnado que non acadou resultados positivos na avaliación final de módulo. Estas actividades deseñaranse tendo en conta os resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación imprescindibles recollidos na táboa do apartado 1.</p>   |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>   | <p>A metodoloxía empregada, dado a excepcionalidade da situación, ven determinada pola necesidade de promover á aprendizaxe continua e de modo non presencial, agás que as autoridades sanitarias recomenden á volta ás aulas.</p> <p>De ser o caso retomaríase a metodoloxía especificada na programación proposta para o curso 2019/2020.</p> <p>Mentres dure a situación excepcional, identificarase o alumnado que ten dificultades para a conexión total ou permanente e aquel que ten conectividade plena.</p> <p>As actividades serán deseñadas tendo en conta estas circunstancias e farase unha adaptación destas á situación persoal do alumnado.</p> <p>As actividades serán deseñadas de tal xeito que potencien a autonomía, a organización e autorregulación da aprendizaxe por parte do alumnado, sendo a profesora acompañante e orientadora deste proceso e prestando a axuda necesaria mediante a tecnoloxía dispoñible para tal fin (correo electrónico, vídeo conferencia, teléfono, classroom).</p> <p>A metodoloxía de traballo será personalizada, adaptándose ás circunstancias do alumnado, tendo en conta a conectividade, autonomía, competencia dixital e necesidades educativas detectadas.</p> <p>En todo momento haberá un tempo e prazo razoable para a realización e entrega das tarefas.</p> |
| <b>Materiais e recursos</b>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Google classroom.</li> <li>▪ Google meet.</li> <li>▪ Libro de texto da materia. Ciencias Aplicadas II (módulo Matemáticas e Módulo Ciencias), Editorial Santillana.</li> <li>▪ Libros dixitais liberados por diversas editoriais.</li> <li>▪ Webs educativas e de procura de información.</li> </ul>  |

|  |   |
|--|---|
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Plataformas educativas.</li> <li>▪ Recursos TIC diversos (plataformas de vídeo, audio, fotografías).</li> <li>▪ Correo electrónico G suite.</li> <li>▪ Ordenador, Tablet, Smartphone.</li> <li>▪ Conexión a internet.</li> </ul> |
|--|---|

| <b>4.-Información e publicidade</b>          |   |
|--|---|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | <p>No departamento de Biología e Xeología utilizamos diversas canles de comunicación co alumnado e as familias:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Correo electrónico.</li> <li>▪ Mensaxería de comunicación de Google Classroom.</li> <li>▪ Videoconferencias con Google Meet.</li> <li>▪ Abalarmobil.</li> <li>▪ Chamadas telefónicas cos teléfonos persoais do profesorado.</li> </ul> |
| <b>Publicidade</b>                           | <p>Mediante:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A páxina Web do centro.</li> <li>▪ A páxina do departamento.</li> <li>▪ O correo electrónico.</li> <li>▪ Mensaxería de comunicación de Google Classroom.</li> <li>▪ Abalarmóbil.</li> </ul>   |